

PROXECTO LECTOR

DE CENTRO

CURSO 2017-2018



CRA BOQUEIXÓN-VEDRA

NEIRA VILAS

INDICE

1. XUSTIFICACIÓN
2. O NOSO CENTRO
3. A BIBLIOTECA
4. PRINCIPIOS BÁSICOS DO NOSO PROXECTO LECTOR
5. PLAN ANUAL DE LECTURA
 - a. Obxectivos*
 - b. Actividades programadas e temporizadas*
 - c. Metodoloxía de traballo*
 - d. Avaliación e seguimento*
6. DISTRIBUCIÓN DE RESPONSABILIDADES

1. XUSTIFICACIÓN

De acordo á Lei Orgánica 8/2013 de educación, da súa concreción para a comunidade autónoma de Galicia na Orde do 23 de xullo de 2014 para a súa implantación en 1º, 3º e 5º de EP e dos Decretos 330/2009 e 105/2014 polos que se establecen o currículo de Educación infantil e Primaria para Galicia respectivamente, este Proxecto Lector de Centro tenta conseguir que o alumnado do CRA Boqueixón-Vedra ó remate dos seus estudos e con relación á súa idade, posúa as competencias lingüísticas necesarias para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

Para a totalidade dos membros do claustro é de vital importancia a lectura nas nosas aulas, xa non só polo feito de adquirir un hábito lector, xa que a maioría dos nosos alumnos/as son de educación infantil, senón de interiorizar un hábito de escoita, interese, gusto e participación á hora de ler ou escoitar un conto. A curiosidade por descubrir que nos conta ese libro, que queren dicir esas letras e ilustracións, quen o fixo, levar a cabo actividades polo mesmo,...

Para isto @s maestr@s do noso centro adquiren o compromiso de poñer todo o seu empeño en elevar o nivel de comprensión lectora, fomentar o hábito lector e tamén formar oíntes activos ante calquera tipo de produción oral.

Parte deste compromiso está reflectido na posta en marcha no CRA dun proxecto de mellora da nosa biblioteca, que se fai referencia a el ó longo deste proxecto.

2. O NOSO CENTRO

O CRA Boqueixón–Vedra Neira Vilas está situado, como o seu nome indica, nos concellos de Vedra e Boqueixón limítrofes entre sí, e o mesmo tempo veciños do Concello de Santiago. Do concello de Boqueixón son as escolas de: *Camporrapado, Lestedo e Sergude*. As restantes son do concello de Vedra, sitas nas parroquias de *San Fins de Sales, San Xulián de Sales e San Miguel de Sarandón*. Sendo o único CRA en Galicia que integra dous concellos.

Contamos cun local no Centro Sociocultural Camilo José Cela, sito en Lestedo, que nos acondicionou o Concello de Boqueixón no que temos a nosa sede, así coma a Biblioteca Xeral do noso centro.

Preto do noso colexio hai tres centros escolares máis: o CPI “Antonio Orza Couto” no concello de Boqueixón, o CPI de Vedra e o CEIP Ortigueira, tamén no concello de Vedra.

Tanto no Concello de Vedra coma no de Boqueixón existen bibliotecas municipais. No primeiro hai unha na parroquia de Vedra e unha axencia de lectura sita en Santa Cruz de Ribadulla, e no segundo outra situada no Forte, con horario exclusivo de mañá.

➤ **A situación da lectura e escritura no CRA**

O curso 2006/2007 foi o primeiro ano de andadura do noso centro, ata entón eramos seis escolas de dous concellos que nos reuniamos para coordinar un pouco o noso traballo pero que non contabamos con especialistas, nin cos recursos e fondos bibliográficos, multimedia,... dos que agora dispoñemos. Foi por isto que a finais dese curso decidimos levar a cabo un proxecto de mellora da nosa biblioteca de centro e máis as de aula en cada escola o cal durante estes últimos cursos e no actual seguimos a potenciar.

Isto non quere dicir que ata daquela non traballásemos a lectura e a escritura nas nosas aulas, nin moito menos. En cada unha das escolas os mestres/as facían lectura de contos DIARIA, xa ben fora por parte do titor/a como da mestra de AL que realizou ese ano un proxecto de Estimulación Oral a través dos contos. A partir de ahí fixéronse numerosas actividades relacionadas con: expresión corporal, dramatización, recitado... expresión plástica a través de murais dos contos, debuxos de personaxes, actividades escritas e orais en relación os contos... Tamén a mestra de lingua estranxeira leva a cabo un proxecto intercultural durante todos os cursos (agás neste último) no cal os nenos/as escoitaron contos en diferentes idiomas grazas á colaboración de voluntariado europeo do concello de Boqueixón e ó concello de Vedra, así coma do Centro Cultural Don Bosco de Santiago.

Aínda que non é un obxectivo específico de etapa, no CRA a maioría dos nosos alumnos/as rematan a etapa de infantil sabendo ler e escribir, a través de diferentes métodos de lectoescritura que utilizan os titores e titoras. Pero o que máis se potencia é, sobre todo, adquirir un hábito lector e o goce pola lectura, pois como ben sabemos nestas primeiras etapas a curiosidade dos nenos/as por todo o que lles rodea é unha característica esencial do seu desenvolvemento, e no caso da lectura tamén debemos aproveitalo. Así mesmo, o 100% dos nenos/as de 1º e 2º de primaria comeza o seguinte ciclo sen problemas de escritura e lectura.

Ademais desta actividade diaria, desde que comezamos a funcionar coma CRA tivemos diversas actividades e saídas en relación á mellora do achegamento a outras formas de vivir os contos e a lectura en xeral: contacontos, saídas a obras de teatro, monicreques, contos musicados e bailados con música tradicional galega, representación de contos con marionetas, representación de pequenas obras teatrais, creación de contos, etc.

Procuramos tamén que na programación anual de actividades extraescolares e complementarias esté presente o goce pola lectura xa non literaria senón tamén coa procura de información empregando as novas tecnoloxías, así pois en celebracións coma o Magosto, Samaín, Nadal, Entroido ou Semana das Letras Galegas, facemos nas escolas buscas de información relativas a estas, ademais de, en certos casos, introducir diferentes formas de literatura tradicional adecuada a estas festas.

En varias das escolas funciona tamén o servizo de préstamo da biblioteca de aula, dous días á semana para os nenos/as de primaria e un día a semana para os nenos/as de infantil coa finalidade de implicar ás familias no noso proxecto de traballo de animación á lectura dende ben pequechos, elixindo eles mesm@s os títulos que lles gustaría levar. Pedímoslle aos pais e nais lles lesen os contos que levaban os nenos/as, lles axudasen a interpretar os debuxos que había neles, e incluso os levasen de cando en vez a algunha actuación de contacontos, teatro,...

Estes cursos a encargada da biblioteca da sede foi coordinando a merca de novos títulos (en galego e castelán e en diferentes formatos coma cómics),

catalogando os libros novos e os xa existentes e rexistrándoos no ordenador empregando o programa MEIGA.

Foi por todo isto que creemos necesario establecer un BO PROXECTO para continuar có xa comezado, tendo en conta que as circunstancias do noso centro son peculiares xa que as escolas están dispersas e a biblioteca que queremos dinamizar atópase na sede do edificio administrativo á que os nenos/as non acoden xa que realmente é sede para reunións de pais e profesorado.

3. A BIBLIOTECA.

Unha particularidade que ten o noso centro é que un grupo de docentes son especialistas itinerantes que percorren diariamente, nos seus propios vehículos, as distintas aulas que conformamos para impartir as súas clases. De ahí que a base do noso proxecto sexa a itinerancia.

Temos a sorte de que no noso centro existe boa dotación en canto a material informático: portátiles, encerados dixitais, canóns, tablets... que nos fan ampliar as actividades do noso proxecto, xa que este material nos ofrece unhas posibilidades ás que pretendemos sacarlle o máximo rendemento.

Pero o que non podemos perder de vista é o particular que é o noso centro e as vantaxes e inconvenientes que isto supón, polo que a partires da análise da situación na que nos atopamos decidimos establecer un plan de dinamización desta que se basea nos seguintes puntos:

- Préstamo ás aulas por medio do **maleta viaxeira** a través dos/as especialistas para que os nosos contos nos veñan a visitar facendo unha viaxe polas distintas escolas, permanecendo en cada unha delas un mes. Deste xeito achegamos ó noso alumnado novos contos, diferentes dos que dispoñen na biblioteca de aula.
- Préstamo aos nenos/as a través da **mochila viaxeira**, dentro da cal irá unha selección de contos (en formato papel e CD) para que lean e sexan lidos aos nenos/as e que poderán levar para casa durante unha semana.

- O **libro viaxeiro** é unha actividade que aglutina a creación de contos por parte dos nosos alumnos coas súas familias e a lectura de dito conto unha vez rematado ós seus compañeiros xa na aula. Este ano versará sobre as emocións xa que este é un proxecto que se vai levar a cabo no centro e no cal a biblioteca tamén quere participar.
- Préstamo ás familias mediante a **apertura da biblioteca** da sede un día á semana, os martes de 16:00h a 18:00h, co fin de atraer a alumnos/as e pais/nais, fora do horario escolar, a visitarnos e gozar do noso espazo. Mantemos esta posibilidade aínda que no curso pasado non tivo moita aceptación (dado que a maioría das familias ten que percorrer varios quilómetros de distancia para chegar á sede) non queremos privar á comunidade educativa desta posibilidade.
- Lectura da **mochila temática**: que vai de escola en escola con libros e contos que versan sobre o tema central da biblioteca cada curso escolar, este ano sobre a arte.

Dentro do traballo de biblioteca entendemos que existen dous grandes focos de interese:

➤ **Biblioteca como fondo de documentación.**

Entendendo a biblioteca coma un recurso de documentación esencial para o traballo dentro e fóra da escola hai que destacar determinados aspectos:

Introdución ó uso de Internet como ferramenta de información: dado que na sede temos 2 ordenadores con acceso a internet, pretendemos fomentar no profesorado o uso desta ferramenta para o seu posterior aproveitamento didáctico na aula. En colaboración coa comisión de novas tecnoloxías a comisión de biblioteca proporcionará un listado de páxinas web interesantes que o profesorado poderá empregar segundo necesite.

Elaborar guías de lectura que se seleccionen dende a biblioteca e que deben estar ben estruturadas e ser moi concretas e atractivas. Colocaranse nun lugar visible

da biblioteca e das aulas, e se lles enviarán ás familias xa que cremos que deben de ter información adecuada sobre os libros que os seus fillos poden e deben ler. Farase unha por trimestre para que as lecturas do alumnado dentro e fóra da escola sigan unha continuidade e coherencia

➤ **Fomento da lectura**

Os titores comprométense a facer actividades de fomento da lectura diariamente, xa que nos visitan os libros e como bos anfitrións temos que poñernos a súa disposición. Normalmente contamos contos en infantil todos os días xa que **cremos que para que os nenos/as se aficionen a ler é necesario que se lles lea.**

Durante o curso serán **diarias** en Infantil e Primaria e cunha duración de non mais de 15 minutos, dependendo das idades. É importante tamén que sexan os propios titores/as os que lean nun principio, para logo ir pouco a pouco introducindo a outros profesores/as, pais/nais, avós,...

Importancia ten tamén ¿que lerlles aos nenos/a?: as **lecturas serán variadas** e o mais adecuadas as idades e intereses.

4. PRINCIPIOS BÁSICOS DO NOSO PROXECTO LECTOR

O noso obxectivo é deseñar un proxecto lector personalizado para o centro establecendo uns criterios comúns para todas as áreas. Este proxecto pretende ser sinxelo, realista, realizado en consenso e baseado no fomento das boas prácticas lectoras na tarefa cotiá de mestres/as e alumnos/as, máis que nos grandes principios teóricos, aínda que estes sexan tamén necesarios. Os principios nos que cremos que este proxecto lector debe basearse son os seguintes.

- A lectura é unha forma de achegamento á información e á cultura propias e alleas.
- A lectura debe ser unha fonte de ocio e divertimento.
- A aprendizaxe da lectura e escritura debe respectar os diferentes ritmos do alumnado e presentarse SEMPRE de forma lúdica, de xeito que os/as alumnos/as queiran adquirir esta competencia.

- A colaboración coa familia é fundamental para que o hábito lector sexa realmente un hábito.
- A alfabetización na sociedade actual ten que incluír necesariamente a ALFABETIZACIÓN DIXITAL.

Por tanto, para levar a cabo este proxecto enmarcado dentro destes principios básicos necesitamos unha implicación directa de toda a comunidade educativa que ten que empezar dentro da escola, polo que o profesorado do CRA Boqueixón - Vedra:

1. Asume o compromiso de potenciar a comprensión lectora como base de toda aprendizaxe, como axuda para mellorar a comunicación oral e escrita, e como estímulo do espírito crítico, contribuíndo, en definitiva, ao crecemento persoal do alumnado.
2. Considera que as actividades de comprensión lectora deben integrarse no contexto da clase e no traballo diario e responder ás características e necesidades propias de cada materia.
3. Cre que a lectura comprensiva debe traballarse conxuntamente coa escrita e a expresión oral en todas as áreas do currículo.
4. Entende que esta tarefa non é responsabilidade exclusiva das áreas de lingua, senón que é necesaria a participación de todas as áreas do currículo.
5. Considera necesaria a implicación das familias no obxectivo de elevar a comprensión lectora dos seus fillos e fillas. Por tanto, vese na obriga de informarlles da existencia deste Proxecto Lector de Centro e pedir a súa colaboración.
6. Deseñará actividades de comprensión lectora por áreas, ciclos e cursos que teñan como marco os principios do proxecto lector de centro.
7. Programará actividades de animación lectora no marco do Proxecto lector de Centro.
8. Utilizará os recursos da biblioteca escolar o que contribuirá a actualizar os seus fondos.
9. Asume que tanto as bibliotecas de aula coma a nosa biblioteca xeral sita na sede do CRA debe ser un espazo central da vida diaria do centro, tanto para alumnado como para profesorado.

10. Comprométese a dedicar todo o seu empeño e esforzo para que os alumnos/as do noso centro adquiran un bo hábito lector xa non só como lectores senón como oíntes e dramatizadores desas lecturas.

Ademais en concreto o equipo de dinamización da biblioteca comprométese a :

1. Colaborar activamente con tódolos titores/as do centro á hora de proporcionarlles material didáctico, teórico e práctico, encamiñado á inclusión de actividades de fomento da lectura e comprensión lectora nas distintas programacións.
2. Colaborar activamente na posta en práctica das actividades de fomento da lectura ao longo de todo o curso.
3. Levar a cabo a formación dos usuarios da biblioteca de cara ao seu aproveitamento óptimo nas tarefas de busca de información ou lecer.

5. PLAN ANUAL DE LECTURA.

A) OBXECTIVOS

Para este curso 2017-18 os nosos obxectivos pódense agrupar en 3 bloques:

1. CREACIÓN DUNHA BIBLIOTECA DIGNA E DINAMIZADORA.

- Revisar os fondos das bibliotecas de aula. O curso pasado reorganizamos todos os fondos da biblioteca da sede e clasificámoslos por editorias, empregando unha cor diferente para cada unha de elas. Este curso faremos o mesmo cós libros dos mestres e, aínda que sexa un obxectivo ambicioso, gustaríanos catalogar os contos existentes en cada unha das escolas do CRA.
- Catalogar mediante o programa Meiga os novos contos que merquemos este ano así como os que aínda non o estén.
- Revisar a colección para seleccionar os desfasados e deteriorados e decidir qué facer con eles (normalmente son donados).
- Elaborar unha lista de necesidades entre as compoñentes da comisión de biblioteca para adquirir a maior cantidade posible de novos fondos.

Posteriormente consultarase con todo o claustro atendendo tódalas demandas oportunas.

- Como un dos temas da biblioteca de este ano son as emocións, crearase un recuncho na biblioteca da sede adicado a este tema para que todos os mestres teñan fácil acceso a estos contos.
- Considerar a biblioteca escolar como un recurso imprescindible na construción da rede básica de lectura e crear así, unha comunidade de lectores activa.
- Crear a figura do bibliotecario/a con funcións claras e definidas e un horario para realizalas, na medida en que a dotación de persoal no centro o permita.
- Mellorar a biblioteca da sede e posibilitar que existan diferentes materiais: contos, dicionarios, Cd Roms, un PC... na medida en que os recursos e espazos o permitan.
- Dotar economicamente á Biblioteca como a calquera aula.
- Dinamizar a Biblioteca do centro a través dun plan dinamizador no que estea implicado a maioría da comunidade educativa.
- Abrir a biblioteca escolar a toda a comunidade escolar, potenciando o préstamo de fondos dende o biblioteca do centro.
- Impulsar e manter a filosofía do proxecto e desde o Equipo Directivo.

2. FOMENTO DA LECTURA

- Implicar a toda a comunidade educativa (pais, profesores e alumnos) no proxecto.
- Estimular o hábito de lectura, despertando a necesidade de ler dende as idades mais temperás.
- Dinamizar a Biblioteca con actividades de animación á lectura como poden ser actividades de contacontos e outras que desenvolveremos no apartado correspondente.
- Dar a coñecer diferentes tipos de textos ó alumnado con temas atractivos segundo a súa idade. Este ano centrarémonos nos cómics.
- Favorecer a aparición dunha relación personalizada entre os nenos/as e o libro e o intercambio de experiencias lectoras.

- Descubrir e cultivar nos nenos/as o goce de ler, buscando que a lectura ocupe algúns períodos de entretemento e ocio.
- Establecer o período de lectura nas escolas que imparten educación primaria tal e como establece o Decreto 130 Decreto 105/2014, do 9 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma Galicia.
- Mellorar a calidade e a comprensión lectora dos alumnos/as.
- Espertar nas familias o gusto pola lectura e implicalas en potenciar o hábito lector.

3. INTEGRACIÓN DA BIBLIOTECA NO TRABALLO DIARIO DA AULA

- Animar ó profesorado para integrar a biblioteca no P.C.C. e P.E.C.
- Incluír a biblioteca nas Programacións de Aula como elemento transversal clave para o desenvolvemento curricular.
- Utilizar as novas tecnoloxías da información e comunicación como recurso didáctico e motivador para o desenvolvemento da competencia lectora e o fomento do hábito lector.
- Levar a cabo intervencións de comprensión lectoras e o desenvolvemento do hábito lector, evitando actividades illadas, enmarcadas nun plan de intervención continuo e coherente.
- Converter a lectura nunha estrutura metodolóxica para a mellora da aprendizaxe.
- Coñecer os diferentes fondos da biblioteca explorando as súas posibilidades tanto para aprender como para ensinar.
- Estimular a ansia por “coñecer” do alumnado utilizando os mais variados recursos e abríndolles, de forma gradual, o camiño ós diferentes modos de aprender.
- Adquirir certa soltura nas exposicións orais.
- Adquirir habilidades para a procura, tratamento e selección da información tanto a través dos textos como das TIC.
- Favorecer o intercambio de experiencias persoais no uso dos fondos da biblioteca.

- Elaborar traballos en grupo: planificación, reparto de tarefas, procura de información, posta en común, elaboración do traballo final e presentación ós compañeiros/as.

B) ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS

As actividades que propoñemos, serán regulares e continuas e **estarán incluídas nos proxectos curriculares.**

En **educación infantil** farase especial énfase na animación á lectura, no descubrimento dos libros e da biblioteca, así como na implicación dos pais no hábito lector.

No primeiro ciclo de **educación primaria** buscarase afianzar o hábito lector, descubrir a biblioteca como fonte de documentación e animación así como o coñecemento de outros ámbitos de lectura e documentación. Terán un carácter globalizado afectando a todas as áreas.

SECUENCIA E TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES. CALENDARIO DE ACTUACIÓN.

(Mirar cadro adxunto ó final do documento)

C) METODOLOXÍA DE TRABALLO

En relación ó traballo có alumnado a metodoloxía será consecuente coa que levamos a cabo no traballo diario na aula, é dicir, en función de catro principios metodolóxicos esenciais:

- Globalización: partiremos da realidade próxima ó neno/a e dos seus coñecementos previos para axudarlles a avanzar na construción dos seus significados e facilitar así as aprendizaxes significativas.
- De actividade: activos/as por natureza, necesitan facer, manipular e experimentar, para así poder construír os seus esquemas cognitivos.
- De actividade lúdica: O xogo constitúe un recurso didáctico sempre presente na aula, sendo esencial non facer distincións entre o xogo e o traballo, pois o

que perseguimos é que os nosos alumnos/as aprendan xogando e xoguen aprendendo.

- Pedagogía do éxito: seguindo as teorías de Vigotsky nunca debemos propoñer actividades que resulten demasiado complexas de resolver para os nenos/as, pois pretendemos que vaian construíndo aprendizaxes a través de pequenos logros.

Ademais destes grandes principios metodolóxicos e tendo en conta a nosa realidade particular cremos necesario ter en conta outros principios no noso plan de traballo:

- Para levar a cabo este proxecto vai a ser necesaria unha estreita **colaboración** entre os membros da comisión de biblioteca e o resto do claustro, cos titores en relación ás actividades de aula e cos especialistas do centro en canto ás actividades a nivel de centro.
- **Flexibilización**: se este principio é fundamental en calquera contorno máis se cabe no noso por ter aulas de 1, 3 e 5 niveis e un número dispar nas diferentes unidades. Por este motivo as múltiples actividades presentadas irán modificándose segundo as necesidades.

D) AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO

A avaliación deste proxecto seguirá os mesmos principios que a avaliación das demais actividades que se levan a cabo no CRA, polo que seguiremos o disposto na Orde do 25 de xullo de 2009, pola que se regula a avaliación da educación infantil en Galicia, e a orde do 23 de novembro do 2007, pola que se regula a avaliación da educación primaria en Galicia, esta debe ser global, continua e formativa.

Durante o curso faremos reunións mensuais entre todos os implicados para ver como se vai integrando o proxecto nas aulas, revisar os traballos feitos e expoñer as actividades previstas dende a biblioteca. Tamén para ver a idoneidade das actividades propostas ou a necesidade de substituilas por outras.

As actividades de dinamización faranse entre as mestras do equipo de biblioteca o que as leva a reunirse unha vez ó mes. Nestas reunións iranse anotando os aspectos positivos e mellorables da posta en práctica do Proxecto, e ó remate do curso, farase unha avaliación na que se revisarán os obxectivos anotando o grado de consecución dos mesmos.

Os criterios a ter en conta serán:

- ❖ Axustes do Proxecto á realidade do centro.
- ❖ Axuste do realizado a este Proxecto.
- ❖ Estatísticas sobre o servizo de préstamos.
- ❖ Valoración do uso dos fondos documentais da biblioteca tendo en conta o seu uso, a súa utilidade e a súa adecuación á idade e temas.
- ❖ Valoración das actividades de animación á lectura tendo en conta si foron: motivadoras, novidosas, adecuadas ás idades, interesantes, útiles e que dean pé a outras actividades.
- ❖ Valoración das actividades de procura, tratamento, selección, elaboración e exposición da información.
- ❖ Nivel de participación da comunidade escolar no desenvolvemento do Proxecto.
- ❖ Grado de satisfacción dos membros da comunidade educativa có Proxecto.

En relación ó profesorado, nas reunións dos martes consultaremos ó resto do claustro as súas opinións sobre o desenvolvemento do proxecto, có fin de extraer conclusións sobre o resultado e tomar medidas nun sentido ou noutro para melloralo.

6. DISTRIBUCIÓN DE RESPONSABILIDADES

Tal e como se reflexa na nosa PXA do curso existe un equipo dinamizador da biblioteca escolar composto por:

- Responsable: Inés Edreira Gómez

- Dinamizadoras: María Cruz Martínez García, Sonia Iglesias Sanchez e Mónica López Portas.

Isto non quere dicir que estas 4 persoas sexan as únicas responsables de levar a cabo este proxecto, senón que entendemos o desenvolvemento deste como un traballo cooperativo entre tódolos docentes do CRA. Por iso na nosa metodoloxía en relación ó traballo docente primará o traballo cooperativo, establecendo un calendario de reunións onde poñeremos en común o desenvolvemento das actividades, novas ideas, plantexamentos e reformulacións das actividades iniciais. Este traballo cooperativo e colaborativo debe estenderse a toda a comunidade xa que se pretendemos un plan que dinamice a toda a comunidade (pais e nais, concellos, bibliotecas municipais,...).

ACTIVIDADES

TEMPORALIZACIÓN

- Ampliar fondos da biblioteca, tanto de material bibliográfico como audiovisual e catalogalos no Meiga.
- Catalogar os libros do profesorado da sede así como tentar catalogar os das bibliotecas de aula de cada unha das escolas.
- Levar a cabo a mochila viaxeira, na que os alumnos e alumnas levan para a casa contos diferentes dos que teñen na aula.
- Realizar a actividade da maleta viaxeira, que vai de escola en escola cada 4 semanas con diversos contos, marionetas e material audiovisual.
- Sesións de lectura diarias en infantil e primaria cunha duración de non mais de 15 minutos.
- Emprego dos encerados dixitais para actividades de lectura: visionado de contos, facer actividades de lectoescritura...
- Realizar diferentes contos dixitais nas PDI's (coa temática da arte, emocións ou/cómics)
- Subir ó Blog da biblioteca, CRATECA, tódalas actividades realizadas relacionadas con contos, obras de teatro...

DURANTE TODO
O CURSO

ACTIVIDADES

TEMPORALIZACIÓN

- **Facer o carné de socio da biblioteca para os alumnos novos do CRA.**
- **Realizar un libro viaxeiro en cada escola coa temática das emocións. Cada semana un alumno ou alumna leva para a casa o libro no que describirá ou contará anécdotas que lle fan sentir diferentes emocións.**
- **Mochila temática (con contos sobre a arte) que estará en cada escola dúas semanas.**
- **Representar obras de teatro con marionetas.**
- **Crear novos contos que os/as alumnos/as inventarán e ilustrarán.**
- **Facer representacións de diferentes contos lidos na aula.**
- **Celebrar a semana da prensa elaborando un xornal con diferentes novas que acontecen no CRA.**
- **Realizar saídas a algunha obra teatral.**

**DURANTE O PRIMEIRO
E SEGUNDO TRIMESTRE**

- **Crear na biblioteca da sede un recuncho con contos sobre as emocións.**

- **Facer algunha actividade ou conto para o Pasabodeghiñas (o magosto no CRA).**

ACTIVIDADES

TEMPORALIZACIÓN

- **Elaborar un conto entre tódalas escolas (pasando de escola en escola) relacionado coa arte.**

- **Inventar e representar unha obra de teatro relativa ás emocións.**

- **No día do libro facer algunha actividade diferente e motivadora para os alumnos, éste ano relativa ós cómics .**

- **Contar coa visita dun contacontos**

- **E calqueira outra actividade que vaia xurdindo ó longo do curso**

NO TERCEIRO

TRIMESTRE

